

Modelo de Exame- Filosofía

(que reflicte as modificacións introducidas na circular nº 1)

Unha vez elixidos a Opción e o Autor, o alumno deberá realizar unha Composición de tipo filosófico, en base ó texto proposto, sobre o tema enunciado.

OPCIÓN 1

Coñecemento e verdade: a vía da interioridade.

1.1. *“Recoñece, pois, cal é a suprema congruencia. Non queiras derramarte fóra; entra dentro de ti mesmo, porque no home interior reside a verdade; e, se atopases que a túa natureza é mudable, trascéndete a ti mesmo, mais non esquezas que, ó remontarte sobre os cumios do teu ser, te elevas sobre a túa alma, dotada de razón. Encamiña, pois, os teus pasos alí onde a luz da razón se acende. Pois, ¿onde chega todo bo pensador senón á verdade? Esta non se descubre a si mesma mediante o discurso, senón que é máis ben a meta de toda dialéctica racional”.*

S. AGUSTÍN, *Da verdadeira relixión*, 72.

.....

A relación entre a razón e a fe en santo Tomás de Aquino.

1.2. *“A existencia de Deus, e outras verdades da mesma natureza que podemos coñecer acerca de Deus pola razón natural, como se afirma na carta ós Romanos, 1, 19, non son artigos de fe, senón preámbulos ós artigos: así, pois, a fe presupón o coñecemento natural, como a gracia (presupón) a natureza, e a perfección o perfectible. Sen embargo, nada impide que aquilo que de seu é demostrable e cognoscible sexa aceptado por fe, porque non se entende a demostración”.*

SANTO TOMÁS DE AQUINO, *Suma Teolóxica*, I, c. 2, art. 2.

.....

O problema dos universais en Ockham.

1.3. *“Sen embargo hai que saber que o universal é dobre: existe certo universal natural*

predicable de moitos da mesma maneira có fume naturalmente é signo do lume (...); e tal universal non é senon unha intención da alma, de xeito que ningunha substancia existente fóra da alma, nin calquera accidente fóra da alma é universal en tal forma. Existe outro universal por medio dunha voluntaria institución e así a voz proferida, que é verdadeiramente unha calidade numeralmente unha, é universal, porque é un signo instituído voluntariamente para significar moitas cousas. Por onde, así como a voz é chamada común, así pode chamarse universal; pero isto non o ten pola súa propia natureza, senón tan só por vontade dos que o determinaron”

GUILLERMO DE OCKHAM, *Summa Totius Logicae*, I, cap. XIV.

.....

O poder e o realismo político

1.4. *“Quédanos agora por ver cal debe ser o comportamento e o goberno dun príncipe con respecto a súbditos e amigos (...) Moitos imaxinaron repúblicas e principados que ninguén viu endexamais nin consta que existiran realmente; porque hai tanta distancia de como se vive a como se debera vivir que quen deixa a un lado o que se fai polo que se debera facer, aprende antes a súa ruína que a súa preservación: porque un home que queira facer en todo profesión de bo, labrará necesariamente a súa ruína entre tantos que non o son. Por todo iso élle necesario a un príncipe, se se quere manter, que aprenda a poder ser non bo e a usar desta capacidade en función da necesidade”.*

N. MAQUIAVELO, *O Príncipe*, cap. XV.

.....

O método en Bacon: a teoría dos ídolos

1.5. *“Os ídolos e conceptos falsos que se teñen apoderado da intelixencia humana, na que xa botaron fondas raíces, non só bloquean o espírito de xeito que o acceso deste á verdade resulta moi difícil, senón que ademais, mesmo supoñendo que a mente fose quen de forzar a entrada, reaparecerán aqueles no momento de construír as ciencias, constituíndo un obstáculo; a non ser que os homes, unha vez previstos, se defendan contra eles todo canto sexa posible. Catro son os ídolos que bloquean a intelixencia humana”.*

F. BACON, *Novum Organum*, XXXVIII.

.....

OPCIÓN 2

O dualismo antropolóxico

2.1. *“Advirto, en primeiro lugar, que hai unha grande diferenza entre a alma e o corpo no feito de que o corpo sexa sempre divisible por natureza e a alma indivisible; xa que, cando a considero a ela ou a min mesmo en tanto que son unha cousa que pensa, non son quen de distinguir en min*

ningunha parte, senón que vexo que son unha cousa unha e íntegra; e, aínda que a alma pareza estar unida a todo o corpo, ó cortar un pé ou un brazo (...), coñezo sen embargo que nada lle foi quitado á alma, e tampouco se pode dicir que as facultades do querer, do sentir, do comprender, etc., sexan partes dela, porque é unha e a mesma alma que quere, que sente, que comprende. Ó contrario, non poido pensar ningunha cousa corpórea ou extensa que non se poida dividir facilmente en partes co pensamento”.

R. DESCARTES, *Meditacións metafísicas*, VI.

.....

O monismo substancial

2.2. “Ecolio: Antes de seguir adiante, quero explicar aquí –ou máis ben advertir- que debe entenderse por *Natureza naturante*, e que por *Natureza naturada*. Pois coido que xa consta, polo anteriormente dito, que por *Natureza naturante* debemos entender o que é en si e se concibe por si, ou sexa, os atributos da sustancia que expresan unha esencia eterna e infinita, isto é, Deus, en canto considerado causa libre. Por *Natureza naturada*, en troques, entendo todo aquilo que se segue da necesidade da natureza Deus, ou sexa, de cada un dos atributos de Deus, isto é, tódolos modos dos atributos de Deus, en canto considerados como cousas que son en Deus, e que sen Deus non poden ser nin concebirse”.

B. SPINOZA, *Ética*, proposición 29.

.....

Orixe e límites do coñecemento humano

2.3. “Non poido comprender como os homes poderían transgredir as regras morais con confianza e serenidade, se fosen innatas e estiveran estampadas nas súas mentes... Contémplese un exército ocupado no saqueo dunha cidade, e xúlguese que observación ou sentido dos principios morais teñen os soldados acerca das aldraxes que levan a cabo. Roubos, asasinatos e violacións son os deportes dos homes que se atopan libres de castigo ou censura. ¿Non houbo nacións, entre as máis civilizadas, para as que o abandono de nenos deixándoos nos campos para que pereceran de fame ou fosen devorados polos animais salvaxes, constituíron algo tan pouco condenable como enxendralos? (...) Creo que podemos afirmar con seguridade que sexan cales sexan as regras prácticas non poden supoñerse innatas”.

J. LOCKE, *Ensaio sobre o entendemento humano*, cap. II, 9.

.....

Os elementos do coñecemento e o fenomenismo

2.4. “Todas as percepcións da mente humana redúcense a dúas clases distintas, que chamarei impresións e ideas. A diferenza entre elas consiste nos graos de forza e vivacidade coa que inciden

na mente e se abren camiño no noso pensamento ou conciencia. Aquelas percepcións que entran con máis forza e violencia podemos chamalas impresións; e baixo este nome comprendo todas as nosas sensacións, paixóns e emocións, tal como fan a súa primeira aparición na alma. Por ideas entendo as imaxes débiles das impresións cando pensamos ou razoamos”.

D. HUME, *Tratado da natureza humana, lib. I. Iª parte, secc. 1ª*.

.....

Do estado de natureza ó estado social

2.5. *“A natureza ordena a todo animal e o bruto obedece. O home experimenta a mesma impresión, pero recoñécese libre de acceder ou resistir. Na conciencia desta liberdade é onde principalmente se descubre a espiritualidade da súa alma, porque a física explica en certo modo o mecanismo dos sentidos e a formación das ideas; pero na facultade de querer, ou máis ben de escoller, e no sentido desta facultade, non se atopan máis que actos puramente espirituais, dos que nada se nos explica polas leis da mecánica”.*

J.- J. ROUSSEAU, *Discurso sobre a orixe da desigualdade entre os homes, 1ª parte*.

.....

Posibilidade e límites do coñecemento humano

2.6. *“Na parte analítica da Crítica demostrase que espacio e tempo son simples formas da intuición sensible, é dicir, simples condicións da existencia das cousas en canto fenómenos; que tampouco posuímos conceptos do entendemento nin, polo tanto, elementos para coñecer as cousas senón na medida en que se pode dar a intuición correspondente a tales conceptos; en consecuencia, non podemos coñecer un obxecto como cousa en si mesma, senón en canto obxecto da intuición empírica, é dicir, en canto fenómeno. Diso dedúcese que todo posible coñecemento especulativo da razón atópase limitado ós simples obxectos da experiencia. Non obstante hai que deixar sempre a salvo –e isto ha de terse en conta- que aínda que non podemos coñecer eses obxectos como cousas en si mesmas, si ha de sernos posible, cando menos, pensalas. Porque, outramente, se seguiría a absurda proposición de que habería un fenómeno sen nada que se manifeste”.*

KANT, *Crítica da Razón pura, prólogo á 2ª edic.*